

MODIFICACIÓN DA CORRECCIÓN DE ERROS DA RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO, POLA QUE SE ADOPTAN MEDIDAS DE ADAPTACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE PERCEBE DENDE EMBARCACIÓN, DA CONFRARÍA DE PESCADORES DE BAIONA

Advertido un erro na Corrección de Erros da Resolución da Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo, pola que se adoptan medidas de adaptación do *plan de xestión de percebe dende embarcación*, da Confraría de Pescadores de Baiona, emitida con data 27 de febreiro de 2023, cómpre facer a seguinte corrección:

ONDE DÍ:

ANTECEDENTES

1. O día 04.01.2023 a Subdirección Xeral de Acuicultura remite a esta Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo solicitude do Director Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica (DXPAIT) relativa á avaliación de presenza de mexilla e percebe e a adopción, se procede, de medidas de adaptación a respecto das áreas de autorización de extracción de ambos recursos, tendo en conta a información facilitada polo CIMA, xuntando a esta solicitude planos correspondentes ao ámbito do plan de percebe da Confraría de Pescadores de Baiona no que se propoñen zonas de cambio de ZEP a ZEM, así como as fichas correspondentes ás zonas propostas que forman parte do estudo da abundancia de mexilla en outono de 2022 (CIMA).
2. O día 25.01.2023 o CIMA emite *"Informe técnico sobre o cálculos de proporción de lonxitudes de costa, dispoñibilidade e cobertura media de mexilla segundo propostas de zonificación en plans de xestión de percebe"* no que se fai un novo cálculo das lonxitudes de costa, dispoñibilidade e coberturas medias de mexilla.
3. O día 31.01.2023 a bióloga da Xefatura Territorial de Vigo, con base no estudo da abundancia de mexilla en outono de 2022 (No-Couto, et al., 2022), emite un informe sobre a revisión das zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón propostas pola DXPAIT no plan de xestión.
4. O día 10.02.2023 emítese novo informe do CIMA: *Cálculos de proporción de lonxitude de costa, dispoñibilidade e cobertura media de mexilla segundo propostas de zonificación, en plans de xestión de percebe. Modificación do informe 25/01/2023*. Edgar No Couto.
5. O día 13.02.2023 a Xefatura de Sección de Coordinación Técnica da Consellería do Mar en Vigo, emite informe sobre a solicitude da DXPAIT, en base aos novos cálculos do CIMA.
6. O día 13.02.2023, a Subdirección Xeral de Pesca emite informe socioeconómico sobre revisión de zonas de reserva para extracción de semente de mexillón no Plan de Xestión de Percebe dende Embarcación da Confraría de Pescadores de Baiona.
7. O día 14.02.2023, a Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo ditou Resolución acordando o inicio do procedemento de adaptación de medidas do Plan de xestión de percebe dende embarcación da Confraría de Pescadores de Baiona e a súa tramitación pola vía de urxencia, de conformidade co establecido no artigo 33 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e cos efectos previstos no citado artigo.



8. O día 14.02.2022, a Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo envioulle unha proposta á Confraría de Pescadores de Baiona. Nesta proposta outorgoulle un prazo de 5 días hábiles para presentar alegacións. O día 17.02.2023 a Confraría de Pescadores de Baiona presenta alegacións a esta proposta.

9. O día 20.02.2022, a Xefa Territorial da Consellería do Mar en Vigo solicita, á Xefatura de Sección de Coordinación Técnica e á Subdirección Xeral de Pesca informe sobre as alegacións presentadas pola Confraría de Pescadores de Baiona.

10. O día 23.02.2022, a Xefatura de Sección de Coordinación Técnica da Consellería do Mar en Vigo, emite informe sobre as alegacións presentadas, do que se extrae que o 49,63 % do tramo costeiro pasa de zona ZEP a zona ZEM (manténdose a posibilidade de extracción de percebe) e permanecendo as illas, illotes e pedras cercadas coma zona ZEP (50,37 %).

11. O día 24.02.2022, a Subdirección Xeral de Pesca emite informe socioeconómico sobre as alegacións presentadas. Segundo o mesmo, as cifras avaliadas veñen a indicar:

“... un cambio sobre as zonas onde se extrae o 2,84% (2,56% datos ftp do INTECMAR) do percebe e atinxiría a un 2,88% (2,63% segundo datos ftp INTECMAR) das vendas, cifra indicativa dunha estimación positiva ao cambio de consideración, en canto a que non compromete, pola súa exigüidade, os rendementos socioeconómicos do plan.

(Fonte: elaboración propia sobre datos do Servizo de Análises e Rexistros. Consellería do Mar; ftp.intecmar.gal).

Neste senso, Cabe sinalar que esta potencial afectación non desbota a posibilidade da extracción de percebe nesta área a futuro, ao igual que se realiza noutras zonas de extracción de mexilla xa habilitadas”.

DEBE DICIR:

ANTECEDENTES

1. O día 04.01.2023 a Subdirección Xeral de Acuicultura remite a esta Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo solicitude do Director Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica (DXPAIT) relativa á avaliación de presenza de mexilla e percebe e a adopción, se procede, de medidas de adaptación a respecto das áreas de autorización de extracción de ambos recursos, tendo en conta a información facilitada polo CIMA, xuntando a esta solicitude planos correspondentes ao ámbito do plan de percebe da Confraría de Pescadores de Baiona no que se propoñen zonas de cambio de ZEP a ZEM, así como as fichas correspondentes ás zonas propostas que forman parte do estudo da abundancia de mexilla en outono de 2022 (CIMA).

2. O día 25.01.2023 o CIMA emite *“Informe técnico sobre o cálculos de proporción de lonxitudes de costa, dispoñibilidade e cobertura media de mexilla segundo propostas de zonificación en plans de xestión de percebe”* no que se fai un novo cálculo das lonxitudes de costa, dispoñibilidade e coberturas medias de mexilla.

3. O día 31.01.2023 a bióloga da Xefatura Territorial de Vigo, con base no estudo da abundancia de mexilla en outono de 2022 (No-Couto, et al., 2022), emite un informe sobre a revisión das zonas de reserva para a extracción de semente de mexillón propostas pola DXPAIT no plan de xestión.



4. O día 10.02.2023 emítense novo informe do CIMA: *Cálculos de proporción de lonxitude de costa, dispoñibilidade e cobertura media de mexilla segundo propostas de zonificación, en plans de xestión de percebe. Modificación do informe 25/01/2023*. Edgar No Couto.
5. O día 13.02.2023 a Xefatura de Sección de Coordinación Técnica da Consellería do Mar en Vigo, emite informe sobre a solicitude da DXPAIT, en base aos novos cálculos do CIMA.
6. O día 13.02.2023, a Subdirección Xeral de Pesca emite informe socioeconómico sobre revisión de zonas de reserva para extracción de semente de mexillón no Plan de Xestión de Percebe dende Embarcación da Confraría de Pescadores de Baiona.
7. O día 14.02.2023, a Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo ditou Resolución acordando o inicio do procedemento de adaptación de medidas do Plan de xestión de percebe dende embarcación da Confraría de Pescadores de Baiona e a súa tramitación pola vía de urxencia, de conformidade co establecido no artigo 33 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e cos efectos previstos no citado artigo.
8. O día 14.02.2023, a Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo envioulle unha proposta á Confraría de Pescadores de Baiona. Nesta proposta outorgoulle un prazo de 5 días hábiles para presentar alegacións. O día 17.02.2023 a Confraría de Pescadores de Baiona presenta alegacións a esta proposta.
9. O día 20.02.2023, a Xefa Territorial da Consellería do Mar en Vigo solicita, á Xefatura de Sección de Coordinación Técnica e á Subdirección Xeral de Pesca informe sobre as alegacións presentadas pola Confraría de Pescadores de Baiona.
10. O día 23.02.2023, a Xefatura de Sección de Coordinación Técnica da Consellería do Mar en Vigo, emite informe sobre as alegacións presentadas, do que se extrae que o 49,63 % do tramo costeiro pasa de zona ZEP a zona ZEM (manténdose a posibilidade de extracción de percebe) e permanecendo as illas, illotes e pedras cercadas coma zona ZEP (50,37 %).
11. O día 24.02.2023, a Subdirección Xeral de Pesca emite informe socioeconómico sobre as alegacións presentadas. Segundo o mesmo, as cifras avaliadas veñen a indicar:

"... un cambio sobre as zonas onde se extrae o 2,84% (2,56% datos ftp do INTECMAR) do percebe e atinxiría a un 2,88% (2,63% segundo datos ftp INTECMAR) das vendas, cifra indicativa dunha estimación positiva ao cambio de consideración, en canto a que non compromete, pola súa exigüidade, os rendementos socioeconómicos do plan.

(Fonte: elaboración propia sobre datos do Servizo de Análises e Rexistros. Consellería do Mar; ftp.intecmar.gal).

Neste senso, Cabe sinalar que esta potencial afectación non desbota a posibilidade da extracción de percebe nesta área a futuro, ao igual que se realiza noutras zonas de extracción de mexilla xa habilitadas".

A Xefa Territorial

Sonia Lorenzo Santos

